



FACULTADE DE FILOLOXÍA  
DEPARTAMENTO DE FILOLOXÍA GALEGA

**Introdución á  
literatura galega 2**

Anxo Tarrío Varela

**GUÍA DOCENTE E MATERIAL DIDÁCTICO**  
**2011/2012**

FACULTADE DE FILOLOXÍA. DEPARTAMENTO DE FILOLOXÍA GALEGA

AUTOR: Anxo Tarrío Varela  
Edición electrónica. 2011

ADVERTENCIA LEGAL: Reservados todos os dereitos. Queda prohibida a duplicación total ou parcial desta obra, en calquera forma ou por calquera medio (electrónico, mecánico, gravación, fotocopia ou outros) sen consentimento expreso por escrito do autor.

## ÍNDICE

<b>DATOS DESCRIPTIVOS DA MATERIA</b>	<b>4</b>
<b>CONTEXTUALIZACIÓN DA MATERIA NO PLANO DE ESTUDOS</b>	<b>4</b>
<b>OBXECTIVOS E COMPETENCIAS</b>	<b>5</b>
<b>CONTIDOS DA MATERIA</b>	<b>5</b>
<b>INDICACIÓNS METODOLÓXICAS E ATRIBUCIÓNS DE CARGA ECTS</b>	<b>14</b>
<b>CALENDARIO</b>	<b>16</b>
<b>AVALIACIÓN</b>	<b>19</b>

## 1. DATOS DESCRIPTIVOS DA MATERIA

**Materia:** Introducción á literatura galega 2

**Código:** G 5051122

**Tipo de materia, ciclo e curso no que se imparte:** Materia obrigatoria de 1º curso (2º cuatrimestre) do Grao en Lingua e Literatura Galegas

**Número de créditos:** 6

**Profesor:**

Anxo Tarrío Varela (CU)

(Gabinete 213, tel. 881811819. Correo electrónico: [anxo.tarrio@usc.es](mailto:anxo.tarrio@usc.es))

**Titorías:**

Terán lugar no gabinete (213) do profesor na Facultade de Filoloxía. Os horarios fixaranse no momento en que comece a impartirse a materia.

## 2. CONTEXTUALIZACIÓN DA MATERIA NO PLANO DE ESTUDOS

Esta materia intégrase na modalidade Maior do Grao en Lingua e Literatura Galegas, de tal xeito que forma parte dun grupo dirixido a proporcionar ao alumnado os coñecementos, competencias e destrezas que lle garantan unha completa formación avanzada nesa titulación; neste caso concreto, unha completa formación en literatura galega, nos movementos, autores e obras que a conforman, así como nas súas singularidades sistémicas e periodolóxicas. Dentro do devandito Maior, a materia intégrase nun módulo (o primeiro dos cinco que forman o Maior) de 4 materias de carácter introdutorio. Polo tanto, está encamiñada a proporcionar os coñecementos básicos dunha das grandes áreas de coñecemento da titulación: a Literatura galega. Como tal materia introdutoria forma parte tamén do Módulo Complementario de 24 créditos que lle permitirá aos estudantes do Maior noutras titulacións obter un

Minor en Lingua e Literatura Galegas<sup>1</sup>: a estes estudantes a materia garántelles a adquisición dunha competencia básica, efectivamente, pero cualificada e concibida de xeito integral, en lingua e literatura galegas como segunda lingua e literatura.

O feito de que esta materia vaia precedida, tanto en contidos coma en ubicación na titulación, pola de “Introdución á literatura galega 1”, obriga a concibir ambas as dúas de forma complementaria e totalizadora, polo que deben garantir unha formación básica aos estudantes do Maior que lles permita afondar nos cursos seguintes nos temas propios da literatura galega, pero por outra deben ofrecerlle aos estudantes que a cursen dentro do Módulo complementario do Minor unha formación nese eido suficiente e autónoma.

Por todo isto, consideramos que “Introdución á literatura galega I” e “Introdución á literatura galega II” deben manter unha estreita relación, que xa se manifesta no feito de que se ofrezan en cuatrimestres sucesivos no 1º curso da titulación. Ademais, que sexa o mesmo profesor quen as imparta garante o deseño dos programas de ambas as dúas de xeito integral e complementario, e evita o solapamento dos contidos.

### **3. OBXECTIVOS E COMPETENCIAS**

A materia ten como obxectivo fundamental realizar un percorrido cronolóxico polo proceso de configuración e desenvolvemento do corpus literario galego dende a fundación das Irmandades da Fala até os nosos días. Esta materia centrarase sobre todo nos problemas de fixación dunha periodización específica, nas súas principais etapas, correntes e movementos, de xeito que o alumnado estea capacitado ao seu remate para definir o singular desenvolvemento cronolóxico da historia literaria galega, tanto dende un punto de vista interno coma externo. Preténdese tamén que os estudantes teñan unha idea clara do proceso de formación do canon histórico-literario actual, de cómo se foi configurando ao longo do tempo e das particularidades que presenta. Ademais, a materia tentará caracterizar tipolóxicamente a produción textual das distintas etapas, de xeito que os estudantes poidan identificar os trazos máis singulares dos textos literarios galegos dende as correspondentes análises xenolóxica e cronolóxica. En cada un dos temas do programa, procurase proxectar imaxes e realizar audición relacionadas con cada tema en cuestión, coa finalidade de fomentar o hábito entre o alumnado de establecer asociacións interartísticas, científicas e tecnolóxicas coa literatura.

Así, unha vez superada a materia, os alumnos deberán:

- Ter un coñecemento panorámico da específica configuración da historia da literatura galega dende a Época Nós até a actualidade, así como do funcionamento do sistema literario e das institucións que a sustentan.
- Ser quen de localizar na periodoloxía literaria galega os principais textos e autores, e de identificar as súas singularidades.
- Ter unha visión de conxunto que lles permita recoñecer posíbeis novas propostas literarias e valorar a súa orixinalidade dentro do patrimonio textual galego. Así, a materia debe garantir a capacidade do estudiantado para identificar e interpretar as principais singularidades da historia da literatura galega, tanto no seu desenvolvemento cronolóxico coma na periodización interna, así como na organización xenérica e sistémica. Todo isto, dende unha perspectiva panorámica e de conxunto que deixe suficientemente asentadas as bases sobre as que os alumnos do Grao cursarán as materias de literatura galega posteriores ou, no caso de aqueles alumnos que cursen o Minor e que, polo tanto, xa non volvan ter contacto académico con esta disciplina, un coñecemento básico, coherente e integral.

#### **4. CONTIDOS DA MATERIA**

##### **4.1. Descritor**

Percorrido cronolóxico e análise sistémico do proceso de configuración e desenvolvemento do corpus literario galego dende a fundación das Irmandades da Fala (1916) até a actualidade.

##### **4.2 Contidos**

**Tema 1. A Época Nós: Concepto e límites cronolóxicos. Marco histórico-cultural. Renovación do discurso político, ideolóxico e identitario: o nacionalismo.**

**Tema 2. A literatura galega na guerra civil e na posguerra.**

**Tema 3. A poesía durante a ditadura do xeneral Franco.**

**Tema 4. A narrativa durante a ditadura do xeneral Franco.**

**Tema 5. O teatro durante a ditadura até a creación do CDG. Panorámica xeral.**

**Tema 6. Da restauración da democracia á fin de século. O século XXI. Cambios de paradigmas e fenómenos emerxentes. A irrupción electrónica no campo literario.**

**Bibliografía básica**

(A bibliografía específica facilitarase puntualmente ao fío das clases expositivas, CE)

Beramendi, Justo G. 2007. *De provincia a nación*. Vigo: Edicións Xerais de Galicia.

Carballo Calero, Ricardo. 1981. *Historia da literatura galega contemporánea*, Vigo: Editorial Galaxia.

Equipo Glifo. 1998-2003. *Diccionario de termos literarios*. Santiago de Compostela: Centro Ramón Piñeiro. Consulta en liña: <http://www.cirp.es>, ver base de datos **DiTerLi**.

Tarrío Varela, Anxo. 1994. *Literatura galega. Aportacións a unha Historia crítica*. Vigo: Edicións Xerais de Galicia.


Villanueva, Darío (dir.), Mercedes Brea, Iris Cochón, José Manuel González Herrán, Anxo Tarrío Varela (coords.) 2000-2002. 6 Vols. *Proxecto Galicia. Literatura*. A Coruña: Hércules de Ediciones.

**4.4. Desenvolvemento do temario:**

A continuación desenvolverase o temario, indicando a estrutura do programa (articulado en 6 grandes temas) mediante o seguinte esquema.

○	○	○	○	○	○
---	---	---	---	---	---

**Tema 1. A Época Nós: Concepto e límites cronolóxicos. Marco histórico-cultural. Renovación do discurso político, ideolóxico e identitario: o nacionalismo.**  
**Título de referencia: Época Nós**



### **1. 1 Sentido do tema**

Achegar o alumnado a un dos períodos máis ricaces e prometedores de toda a Historia de Galicia que experimentaron os sistemas culturais e políticos galegos. Familiarizalo cos cambios de paradigmas estéticos e discursivos que levaron a cabo os distintos axentes nos diferentes campos culturais e de oportunidade política. Rexistrar os cambios experimentados no canon literario e a emerxencia de novos fenómenos fanados pola guerra civil de 1936.


### **1.2 Epígrafes**

- 1.0. Xustificación do marbete 'Época Nós'. Delimitación dos lindeiros cronolóxicos e fixación de elementos sistémicos que caracterizan o período.
- 1.1. Panorama das vangardas históricas. Principais –ismos europeos e a súa presenza en Galicia.
- 1.2. A poesía: epigonismo decimonónico e renovación.
- 1.3. A prosa narrativa. As coleccións de novela curta.- O relato. A novela.
- 1.4. O teatro: renovación e continuidade.
- 1.5. Inicios do ensaio en lingua galega. Prensa e revistas literarias

### **1. 3 Actividades**

Clases interactivas complementarias das explicacións teóricas. Comentario de textos seleccionados ao efecto. Visionaranse obras das vangardas históricas e de actividades emerxentes no período estudado.

**Tema 2. A literatura galega na guerra civil e na posguerra.**  
**Título de referencia: Guerra civil.**



### **2.1. Sentido do tema**

Situar o alumnado no tronso polo que atravesaron os axentes políticos e culturais, en xeral, e os galegos comprometidos cos programas nacionalistas, en particular, a raíz da represión exercida polos vencedores da guerra civil española nunha longa posguerra. Rexistrar a caída do sistema cultural e literario e os atisvos do remonte a partir do final da década dos anos corenta na Galicia territorial e mais na emigración/exilio ultramariños.


### **2.2. Epígrafes**

- 1.0. A literatura durante a Guerra Civil.
  - 1.1. A literatura na inmediata posguerra: primeiras saídas a lume.
  - 1.2. A literatura no exilio.
  - 1.3. A fundación de Galaxia.

### 2.3. Actividades

Achegarse a textos dos dous bandos contendentes publicados durante a guerra civil, así como de Iglesia Alvariño e outros poetas da xeración da República e da colección Benito Soto. Lecturas e comentarios. Visionado de imaxes e audición de material relacionado coa guerra civil e as súas consecuencias en Galicia.

## Tema 3. A poesía durante a ditadura do xeneral Franco. Título de referencia: Ditadura



### 3.1. Sentido do tema

Informar acerca dos primeiros síntomas de reacción das xeracións máis novas para ir facéndose escoitar no contexto da ditadura a través de publicacións en Galaxia e da participación nos concursos poéticos denominados Fiestas Minervales organizadas polo SEU, gobernado pola Falange Española e adicta ao Réxime. Explicar o fenómeno sociolóxico-literario da denomina **poesía social** e a difusión parcial a través de versións musicadas polo grupo Voces Ceibes.

### 3.2. Epígrafes

3.0. A confluencia de unidades xeracionais: consecuencias sociolóxicas e sistémicas.

1.1. Poetas da Xeración da República.

1.2. A Xeración recuperada.

1.3. A Xeración dos 50.


1.4. Celso Emilio Ferreiro e a denominada *poesía social*

### 3.3. Actividades

Lecturas, análises, visionado de imaxes e audicións musicais das diferentes expresións poéticas rexistradas durante o período da denominada *longa noite de pedra*.

## Tema 4. A narrativa durante a ditadura do xeneral Franco

Título de referencia: Ditadura



### 4.1. Sentido do tema

Achegarse a outro dos xéneros literarios que quedaron fanados pola guerra civil e que volveu ter unha certa vitalidade a partir da fundación da editorial Galaxia coa incorporación de títulos e nomes das diferentes xeración, con especial atención a Álvaro Cunqueiro, Ánxel Fole e algúns dos escritores máis emblemáticos da Xeración dos 50. Así mesmo, explicarase a aparición en Bos Aires dalgúns títulos que se volveron e converteron os seus autores en referencias canónicas.


### 4.2. Epígrafes

- 1.0. Primeiras saídas a lume. Algunhas individualidades canónicas: Ánxel Fole, Álvaro Cunqueiro.
- 1.1. A narrativa na emigración/exilio: Blanco Amor, Neira Vilas.
- 1.2. A denominada *nova narrativa galega*.

### 4.3. Actividades

Exposicións teóricas por parte do profesor e traballo conxunto co alumnado para o achegamento axeitado aos textos fundamentais. Pequenos traballos individuais de libre elección sobre os contidos do tema. Proxección, se se puider, dalgúns filmes baseados nalgún dos textos comentados.

## Tema 5. O teatro durante a ditadura até a creación do CDG. Panorámica xeral.



### 5.1. Sentido do tema

Informar o alumnado das dificultades do teatro para vivir en ditadura e inicialo no peculiar achegamento semiótico e sociolóxico que cómpre facer dos textos dramáticos, entendidos como pertencentes xenoloxicamente ao campo literario, e conseguintes actualizacións nas postas en escena, *performances*, etc., que os insume noutro complexo sígnico ou sistema de seu que hai que analizar mediante unha metodoloxía diferenciada respecto dos textos literarios.

### 5.2. Epígrafes.


- 1.0. Teatro costumista e folclórico.
- 1.1. Teatro de cámara
- 1.2. Aparición do Teatro Independente

### 1.3. Comezos do teatro estábel

#### 5.4. Actividades.

Exposicións teóricas por parte do profesor e traballo conxunto co alumnado para o achegamento axeitado aos textos fundamentais. Pequenos traballos individuais de libre elección sobre os contidos do tema. Visonado dalgunha peza teatral

**Tema 6. Da restauración da democracia á fin de século. O século XXI.  
Cambios de paradigmas e fenómenos emerxentes. A irrupción  
electrónica no campo literario  
Título de referencia: Democracia**



#### 6.1 Sentido do tema

Procurar que o alumnado comprenda e teña precisa información sobre o importante salto cualitativo e cuantitativo que experimentou o campo cultural galego e particularmente o literario a partir da instauración de leis autonómicas favorecedoras da normalización da lingua e da literatura galegas e a súa implantación nos diferentes niveis educativos.

#### 6.2 Epígrafes

- 1.0. As leis autonómicas e a institucionalización da literatura. A normalización do sistema literario. A aparición de editoras industriais. Produción, recepción e mediación. Novos repertorios sistémicos.
- 1.1 Poesía da Xeración dos 80. A xeración dos 90. Grupos, voces e fenómenos emerxentes. Grupos poéticos.
- 1.2. Normalización xenolóxica e temática da narrativa de 1980 a hoxe.
- 1.2. O ensaio literario e científico. Prensa e revistas.
- 1.2. O Centro Dramático Galego e a renovación do sistema teatral.
- 1.4. Literatura na rede. Xeralidades. Formato poéticos e narrativos emerxentes.

### 6.3 Actividades

Debates sobre o grao de canonización da literatura galega alcanzado nos últimos anos do século XX e o que vai do XXI para podermos falar, xa sen abuso da expresión, dun verdadeiro *sistema literario*.

## 1. Indicacións metodolóxicas e atribucións de carga ECTS

A distribución oficial dos créditos desta materia en 2/3 de clases expositivas e 1/3 de clases interactivas, ademais de tres horas de titorías personalizadas, explica en parte a metodoloxía a aplicar ao longo do curso.

A materia desenvolverase en clases expositivas, de contido teórico, nas que o profesor presentará os temas do programa incidindo nos aspectos que considere máis relevantes.

As sesións interactivas de carácter práctico, nas que se levarán a cabo actividades diversas relacionadas coas exposicións teóricas e comentarios de texto pertinentes, son de asistencia obrigatoria. Estas prácticas revestirán diversas modalidades pero incidirán, sobre todo, no comentario de textos. Outros tipos de prácticas serán menos frecuentes, como audicións musicais. O profesor encargará a realización de pequenos traballos en relación coa temática da materia, ou a asistencia a algunha conferencia,

que se comentarán nas sesións de titoría personalizada. A organización destas titorías personalizadas non impide comunicacións asincrónicas a través do correo electrónico.

A *Introdución á literatura galega II* é unha materia de 6 créditos equivalentes no sistema ECTS a 150 horas de traballo do alumnado, correspondentes a 25 horas por crédito e distribuídas do seguinte xeito:

**Actividades presenciais: 54 horas**

Clases expositivas: 32

Clases interactivas: 16

Titorías personalizadas: 3

Sesións de avaliación: 3

**Actividades non presenciais dirixidas: 21**

**Actividades non presenciais de traballo autónomo: 75**

As 21 horas de actividade dirixida ocuparanse na lectura de textos e preparación de traballos propostos.

As 75 horas de traballo autónomo do alumno ocuparanse libremente ao estudo da materia, consultas bibliográficas recomendadas e preparación de exames.

ACTIVIDADES	HORAS	TRABALLO PRESENCIAIS DIRIXIDO	TRABALLO AUTÓNOMO
Clases expositivas		32	40

Seminarios	16	20
Tit. Personalizadas	3	21
Sesi3ns avaliaci3n	3	
Actividades libres en relaci3n coa materia		15
<b>TOTAL</b>	<b>54</b>	<b>75</b>

## CALENDARIO

Trátase dunha materia de 6 créditos, que prevé 150 horas de traballo do alumno.

Actividades presenciais.

- Clases expositivas (CE): 2 por semana
- sesi3ns seminario (S): 1 por semana e grupo

Actividades non presenciais dirixidas (lecturas e preparaci3n de textos)=25 h.

Actividades non presenciais libres (estudo)= 75 h.

3 h. Titorías programadas

3 h. Exame

## XANEIRO

30. CE. **Época Nós**. Xustificación do marbete 'Época Nós'. Delimitación dos lindeiros cronolóxicos e fixación de elementos sistémicos que caracterizan o período.
31. CE. **Época Nós**. Panorama das vangardas históricas. Principais –ismos europeos e a súa presenza en Galicia.

## FEBREIRO

1. S1, S2, S3
6. CE. **Época Nós**. A poesía: epigonismo decimonónico e renovación.
7. CE. **Época Nós**. A prosa narrativa. As coleccións de novela curta.- O relato. A novela.
8. S1, S2, S3
13. CE. **Época Nós**. O teatro: renovación e continuidade.
14. CE. **Época Nós**. Inicios do ensaio en lingua galega. Prensa e revistas literarias
15. S1, S2, S3
20. NON LECTIVO
21. NON LECTIVO
22. S1, S2, S3
27. CE. **Guerra civil**. A literatura durante a Guerra Civil.
28. CE. **Guerra civil**. A literatura na inmediata posguerra: primeiras saídas a lume.
29. S1, S2, S3.

## MARZO

5. CE. **Guerra civil**. A literatura no exilio.
6. CE. **Guerra civil**. A fundación de Galaxia.

7. S1, S2, S3

12. CE. **Ditadura.** A confluencia de unidades xeracionais: consecuencias sociolóxicas e sistémicas.

13. CE. **Ditadura.** Poetas da Xeración da República.

14. S1, S2, S3

19. CE. **Ditadura.** A Xeración recuperada.

20. CE. **Ditadura.** A Xeración dos 50.

21. S1, S2, S3

26. CE **Ditadura.** Celso Emilio Ferreiro e a denominada *poesía social*

27. CE. **Ditadura.** Primeiras saídas a lume. Algunhas individualidades canónicas: Ánxel Fole, Álvaro Cunqueiro.

28. S1, S2, S3

## ABRIL

9. CE. **Ditadura.** A narrativa na emigración/exilio: Blanco Amor, Neira Vilas.

10. CE. **Ditadura.** A denominada *nova narrativa galega*.

11. S1, S2 , S3

16.CE. **Ditadura.** Teatro costumista e folclórico.

17. CE. **Ditadura.** Teatro de cámara

18. S1, S2, S3

23. CE. **Ditadura.** Aparición do Teatro Independente

24. CE. **Ditadura.** Comezos do teatro estábel

25. S1, S2, S3.

30. CE. **Democracia.** As leis autonómicas e a institucionalización da literatura. A normalización do sistema literario. A aparición de editoras industriais. Produción, recepción e mediación. Novos repertorios sistémicos.

**MAIO**

1. DÍA NON LECTIVO

2. S1, S2, S3

7. CE. **Democracia.** Poesía da Xeración dos 80. A xeración dos 90. Grupos, voces e fenómenos emerxentes. Grupos poéticos.

8. CE. **Democracia** Normalización xenolóxica e temática da narrativa de 1980 a hoxe.

9. S1, S2, S3

14. CE. **Democracia.** O ensaio literario e científico. Prensa e revistas.

15. CE. **Democracia.** O ensaio literario e científico. Prensa e revistas (cont.)

16. S1, S2, S3

21. CE. **Democracia.** O Centro Dramático Galego e a renovación do sistema teatral.

22. CE. **Democracia.** O Centro Dramático Galego e a renovación do sistema teatral (cont.)

23. S1, S2, S3

28. CE. **Democracia.** Literatura na rede. Xeralidades. Formato poéticos e narrativos emerxentes.

29. CE. **Democracia.** Literatura na rede. Xeralidades. Formato poéticos e narrativos emerxentes.

30. S1, S2, S3

**XUÑO**

4. CE

5. CE

6. S1, S2, S3

**TITORÍAS PROGRAMADAS**

3 horas

A configuración das sesións de titorías en sesións de grupo ou individuais dependerá, en última instancia, do número definitivo de alumnos que teña a materia. Dita configuración será comunicada aos alumnos nas 2 primeiras semanas do cuadrimestre, para que poidan proceder a unha axeitada planificación do seu traballo.

## EXAMES

Duración máxima: 3 horas

Nas datas fixadas pola Facultade:

1/06/2012, 9'00 h., aula 19

7/07/2012, 12'30, aula 10.

## 8. AVALIACIÓN

O profesor avaliará os resultados do proceso de aprendizaxe e adquisición de contidos a través de 3 procedementos:

- 

Asistencia e participación nas sesións presenciais, especialmente nas de seminario. Valorada nun 20%. Para acadalo, é imprescindible que a asistencia non sexa inferior a un 80%. Aquelas persoas que por diversas razóns (laborais, familiares, etc.) non poidan asistir regularmente clase deben comentar esta circunstancia cos profesorado da materia e acordar unha fórmula acaída a cada caso.

- 

Participación nas titorías personalizadas que son de asistencia obrigatoria, agás

aqueles casos que se xustificuen debidamente ante o profesorado; nesa circunstancia o profesor encargado da titoría decidirá, de acordo co alumno, como realizar a tarefa pendente (traballo escrito, sesión titorial individual, etc.) .

Valorarase nun 20%

Exame final. 60%

A súa realización é imprescindible para aprobar a materia. Os alumnos terán que demostrar nel o coñecemento dos contidos teóricos e prácticos do programa articulados a partir da información e os criterios impartidos nas sesións presenciais. Os alumnos que non acaden na primeira proba de avaliación (entre o 25 de maio e o 7 de xuño) a cualificación necesaria para aprobar a materia, terán que realizar a segunda proba (na primeira quincena de xullo) aínda que se lles conservarán as cualificacións obtidas pola asistencia e participación na aula e nas titorías personalizadas.

A nota final obterase sumando as porcentaxes citadas (20%+20%+60%) e realizando a media entre as cualificacións obtidas.